

CIRCULAR 72-2015

- A todas as Delegacións (*)

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA FORMAR PARTE DA SELECCIÓN GALEGA DE ATLETISMO 2015/16

O Comité Técnico da FGA establece os seguintes criterios para a selección de atletas para os Campionatos e Competicións da tempada 2015/2016.

SECTOR DE SALTOS (Responsable Santiago Ferrer Alonso e Mario González)

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

- Posto no ranking galego (Marcas acadadas en condicións legais).
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas à selección.
- Actuación no Campionato Autonómico Absoluto e/o da súa categoría.
- Criterio técnico do responsable do sector e os seus colaboradores.

*No caso de existir dúbidas en algunha das probas, aplicados os criterios anteriores, decidírase polos enfrontamentos directos entre os atletas en cuestión.

*No suposto de que un atleta, seguindo os criterios anteriores poda ocupar dous postos, primarán os intereses da selección à hora de ubicalo en unha ou outra proba.

SECTOR MEDIOFONDO (Responsable Santiago Saco Rivera)

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- Posto no Campionato Galego da respectiva categoría, débese competir na proba na que se dexese participar no dito Campionato.
- 3- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 4- Regularidade competitiva, sobre todo en probas de alto nivel.
- 5- A comisión técnica valorará casos que por circunstancias xustificables non participen nos Campionatos Galegos: lesión ou enfermidade, sempre e cando o xustifique documentalmete, ou que tivese que participar representando a un club non galego o mesmo día noutro Campionato



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Autonómico. A decisión adoptáse, unha vez analizada os motivos expostos polo atleta ou entrenador, por parte do Comité Técnico da FGA.

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- O estado de forma actual do atleta.
- 3- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 4- Regularidade competitiva e a resposta do atleta ante competicións relevantes.
- 5- Posto nos Campionato Galegos.
- 6- A categoría deportiva e experiencia do atleta.
- 7- Proxeccion atlética.
- 8- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que mais beneficie os intereses da selección galega.

SECTOR DE FONDO (Responsable Santiago Saco Rivera)

SELECCIÓN GALEGAS DE CAMPO A TRAVÉS

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVÉS (13 Marzo, a designar)

Os criterios de selección para este Campionato de España de campo a través por Autonomías serán os seguintes:

- 1.1. **Categoría Senior Homes:** Serán seleccionados de forma **directa os 4 primeiros** atletas clasificados no Campionato Galego.
- 1.2. **Categoría Senior Mulleres:** Serán seleccionados de forma **directa as 3 primeiras** atletas clasificadas no Campionato Galego.
- 1.3. **Resto de categorías:** (Promesas Homes e Mulleres, e Juniors Homes e Mulleres: Serán seleccionados de forma directa os 2 primeiros clasificados no Campionato Galego.

Correranse os postos daqueles atletas que caso de participar polos seus clubs respectivos, non teñan ficha pola Federación Galega; ou participen como individuais, pertencendo a outras federacións.

O resto dos atletas, ata integrar cada unha das Seleccións, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

1. O estado actual de forma do atleta.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



2. O nivel de regularidade e resultados nas competicións da actual tempada.
3. Os resultados do Campionato de España de Clubs, na categoría senior o cross largo.
2. A categoría deportiva e a experiencia do atleta.
3. Os resultados das confrontacións entre os propios atletas.
4. A resposta do atleta ante competicións relevantes.

Caso excepcional: O Comité Técnico resérvase o dereito de seleccionar a aqueles/as atletas que o día do Campionato Galego non poidan participar, ben por lesión ou enfermidade, sempre cando o xustificuen, ou que tivesen que participar representando a un club non galego o mesmo día noutro Campionato Autonómico. A decisión adoptárase, unha vez analizados os motivos expostos polo atleta ou entrenador por parte do Comité Técnico da FGA.

A FGA resérvase a posibilidade de non seleccionar a cantidade máxima de atletas permitidos en cada categoría e indicados na táboa seguinte, pero sempre levará número suficiente de atletas para completar os diferentes equipos sempre e cando o nivel dos mesmos así o aconselle:

CATEGORIAS	CANTIDADE	
	MÁXIMA	MINIMA
Sénior Homes	9	6
Sénior Mulleres	6	4
Promesa Mulleres e Homes	6	4
Junior Homes e Mulleres	6	4

Non será autorizado a competir no Campionato de España de Campo a través a ningún atleta galego que habendo sido seleccionado previamente pola Federación Galega de Atletismo, negácese a participar coa mesma (Acordo da Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo en 2003).

CAMPEONATO DE ESPAÑA CSD CAMPO A TRAVÉS CADETE Y XUVENIL
(21 Febrero, a designar)

CATEGORÍA CADETE: Será designados fixos os 3 primeiros clasificados no Campionato de Galicia Cadete de campo a través, farase unha preselección cos 6 millores do campeonato que terán que estar entre os 3 millores tempos parciais no Campionato de relevos mixtos de campo a través en categoría cadete a celebrarse o 13 de febreiro en Ribadavia (Ourense).

CATEGORÍA XUVENIL: Os 4 primeiros do Campionato Galego.

2.1.1. O resto d@s atletas, hasta integrar cada unha das Selecciones, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



- 2.1.1.1. As actuacións d@s atletas nas competicións mais recentes da actual tempada.
- 2.1.1.2. Os resultados das confrontacións entre os propios atletas.
- 2.1.1.3. A resposta d@ atleta ante competicións relevantes a estos niveis.

SELECCIÓN GALEGAS DE PISTA

Os criterios de selección para os diferentes Campionatos de España por Autonomías serán os seguintes:

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- Posto no Campionato Galego da respectiva categoría, débese competir na proba na que se dexese participar no dito Campionato.
- 3- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 4- Regularidade competitiva, sobre todo en probas de alto nivel.
- 5- A comisión técnica valorará casos que por circunstancias xustificables non participen nos Campionatos Galegos: lesión ou enfermidade, sempre e cando o xustifique documentalmente, ou que tivese que participar representando a un club non galego o mesmo día noutro Campionato Autonómico. A decisión adoptáse, unha vez analizada os motivos expostos polo atleta ou entrenador, por parte do Comité Técnico da FGA.

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas) (3.000, 5.000 y obstáculos):

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- O estado de forma actual do atleta.
- 3- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 4- Regularidade competitiva e a resposta do atleta ante competicións relevantes.
- 5- Posto nos Campionatos Galegos.
- 6- A categoría deportiva e experiencia do atleta.
- 7- Proxección atlética.
- 8- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

SECTOR DE MARCHA (Responsable Carlos Morales)



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MARCHA EN RUTA (28 Febreiro, Motril)

- Serán seleccionados de forma directa os 2 primeiros clasificados na categoría Cadete e os 2 primeiros clasificados entre Xuvenil-Xunior (xuntando ambas categorías para a selección), tanto en homes como mulleres do Campionato Galego de Marcha en ruta.

O resto da selección completárase segundo os seguintes criterios:

- Actuación no Campionato Galego de Marcha en ruta do 13 de Febreiro de 2016.
- Posto no ranking galego e mellores marcas acadadas, tanto en pista como en ruta, incluíndo o Campionato Galego de Marcha en ruta, primando a distancia oficial.
- Se terá en conta o estado de forma e rendemento nas competicións previas á selección, como o Campionato Galego de Inverno, Cuntis ou probas fora de Galicia.

- Enfrentamiento directo entre os/as atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

- Posto no ranking galego en todas as distancias primando para esta selección a proba de 5 Km.
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección. Se terá en conta todas as competicións oficiais: controis, trofeos, campionatos e ligas de clubs, campionatos autonómicos, GP Internacional Cantones, probas nacionais e internacionais, etc.

- Enfrentamentos directos entre os atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector.

CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, Cartagena)

- Posto no ranking galego Cadete. Se terá en conta as mellores marcas en 3 e 5 km primando a oficial do campeonato (3km mulleres e 5km homes).
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección.
- Actuación no Campionato Galego Cadete (4 Xuño)
- Enfrentamentos directos entre os atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector.

SECTOR DE LANZAMENTOS (Responsable Raimundo Fernández e José Manuel Hermida)

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

Xavalina, peso e disco: Atletas coa mellor da tempada

Martelo: 1º No Campionato Galego Cadete e se o atleta coa mellor marca da tempada é moi superior ao vencedor/a porque realizou nulos na competición e



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



está nos primeiros postos do ranking nacional, queda a criterio do seleccionador

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

Xavalina, peso e disco: Atletas coa mellor marca da tempada

Martelo: Martelo: 1º No Campionato Galego absoluto e se o atleta coa mellor marca da tempada é moi superior ao vencedor/a porque realizou nulos na competición e está nos primeiros postos do ranking nacional, queda a criterio do seleccionador

SECTOR DE VELOCIDADE (Responsable José Carlos Tuñas Dugñol)

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

Nas probas individuais terase en conta a mellor marca realizada pola atleta en función da proximidade da competición, tendo en conta a data de inscrición a este campionato. Teranse en conta só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento reglamentaria. No caso de marcas semellantes (a mesma décima nos 100 e dúas décimas nos 300) o criterio será o posto obtido no campionato galego individual e/os enfrontamentos directos entre os atletas. No caso de que un atleta figure como primeira opción nas probas de 100 e 300, inscribírase na proba que mais beneficie os intereses da selección galega.

Nas probas de relevos tomarán parte os catro integrantes xa seleccionados para o campionato noutras probas, tendo en conta o ranking da tempada. No caso de que un atleta poda participar en ámbolos dous relevos primarase a participación no relevo que por marcas beneficie ó conxunto da selección galega.

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

Como primeiro criterio terase en conta a mellor marca realizada polo atleta en función à proximidade da competición. En caso de atletas con marcas similares, terase en conta o resultado do Campionato Galego absoluto e/o enfrontamentos directos entre os atletas implicados.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



A formación dos equipos de relevos quedará a criterio do comité técnico tendo en conta o posto que o atleta ocupe o ranking; en caso de marcas similares optarase por atletas que xa están seleccionados noutras probas para formar parte da competición en probas individuais e a súa experiencia en probas de relevos.

SECTOR DE VALADOS (Responsable Vicente Veiga Doldán)

CAMPEONATO DE ESPAÑA CADETE CSD (18/19 Xuño, a designar)

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro
- Resultado no Campionato Galego Cadete
- Posición no Ranking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección

CAMPEONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS (18 Xuño, Alcobendas)

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro
- Resultado no Campionato Galego Absoluto
- Posición no Ranking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección

SECTOR DE PROBAS COMBINADAS (Responsable Julio Ventín Rivas)

Será a criterio do Comité Técnico.

A Coruña, 10 de decembro do 2015

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA